



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O RESCATE DA AUTOVÍA AUTONÓMICA AG 55 (A CORUÑA-CARBALLO)

XOSÉ REGUEIRA VARELA, voceiro do grupo municipal do BNG de Carballo, ao abeiro do disposto no regulamento de funcionamento das corporacións locais, presenta a seguinte moción para a súa consideración por parte do pleno do Concello de Carballo:

O día 14 de outubro o Consello da Xunta de Galiza acordou recuperar a concesión de catro autoestradas: a do Salnés, a de Barbanza, Ourense - Celanova e a de Santiago-Brión. Todas elas vías que na actualidade teñen peaxe na sombra.

Máis aló do debate que pode darse sobre a decisión do goberno galego de optar por este sistema de construción de infraestruturas (e a eficiencia do mesmo), no que afecta á comarca de Bergantiños, e polo tanto, ao noso concello, o foco hai que poñelo necesariamente no feito que a AG-55 foi excluída dese grupo de catro autovías que van ser rescatadas (co que deixarán de ser vías con peaxe) mentres que en Carballo e toda a Costa da Morte as persoas usuarias seguirán a pagar por empregala.

A decisión anunciada no Consello da Xunta a respecto destas catro autovías constitúe un novo agravio para a nosa comarca, porque excluír a AG-55 supón manter unha peaxe que lastra o desenvolvemento económico e social da nosa comarca e da veciña Costa da Morte. Esa peaxe supón un sobrecusto para familias e empresas e un lastre para a mobilidade, a conectividade e a competencia destas zonas, na que a citadas autovía constitúe un eixo vital de comunicación para parques empresariais e equipamentos públicos.

Esa decisión unilateral da Xunta de Galiza de liberar unha serie de autovías, que sempre tiveron esa peaxe, é sorprendente se temos en conta un feito concreto: que se exclúe do rescate unha vía que non tivo peaxe até que se

rematou o tramo de Lendo a Carballo. Até ese momento e durante catro anos foi gratuíta.

Ao retardo inexplicable no remate da autovía que vertebraría a Costa da Morte e Bergantiños, (potenciando o eixo industrial que constitúen os polígonos industriais de Carballo, A Laracha e Arteixo coa conexión coa Coruña e o Porto Exterior), hai que sumarlle agora esta decisión arbitraria da Xunta do Partido Popular de non incluír a vía no rescate anunciado.

Ademais, o mantemento destas peaxes ten como consecuencia derivada o elevado tráfico na estrada C-552, coas repercusións negativas que isto ten na seguridade viaria e na calidade de vida de zonas densamente poboadas.

Estas decisións do Goberno galego penalizan dun xeito severo á area xeográfica da Costa da Morte e Bergantiños, e lousan o seu desenvolvemento económico e social.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno ordinario do mes de outubro.

O Concello de Carballo insta á Xunta de Galiza a :

Iniciar os trámites para o rescate da autovía AG 55 A Coruña-Carballo, de maneira que se poida facer efectivo no ano 2025 e así rematar coa discriminación destas zonas con respecto a outras comarcas do país nas que as persoas usuarias non están a pagar peaxe en autovías autonómicas.

Carballo 23 de outubro de 2024

Asdo.: Xosé Regueira Varela

Voceiro Grupo Municipal do BNG